



# **“FAIUCO E A MÁQUINA DO TEMPO”**

Proxecto Documental Integrado coordinado pola  
Biblioteca Escolar

***CEIP Virxe do Corpiño  
(Begonte)***

Curso 2018/2019

# ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN .....	2
2. OBXECTO.....	6
3. DESCRICIÓN.....	6
4. DOCUMENTACIÓN .....	8
5. TAREFAS .....	9
6. RECURSOS .....	10
7. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA .....	10
8. DIFUSIÓN .....	11
9. AVALIACIÓN.....	12
10. FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA.....	13

# 1. INTRODUCCIÓN

## 1.1. Xustificación

No curso 2017/2018 realizamos unha visita ao Castro de Viladonga (Castro de Rei). Esta visita suscitou a curiosidade dos nenos e nenas do noso centro por afondar no coñecemento do pasado. Ante o interese mostrado polas antigas civilizacións, propuxemos á comunidade educativa desenvolver durante o presente curso 2018/2019 o proxecto **“Faiuco e a máquina do tempo”**.

Faiuco é a mascota da nosa biblioteca. É un trasno que vive debaixo da Faia que hai no noso colexio, pola que trepa en numerosas ocasións para colarse na biblioteca do centro dende algunha das súas polas. Coñecedor do interese do noso alumnado polo pasado, este ano decidiu construír una máquina para viaxar polo tempo e encargou diversas misións aos nenos e nenas dende diversas épocas históricas. Estas misións relacionábanse coa investigación e posta en común de numerosos aspectos de devanditas etapas, a medida que Faiuco ía viaxando a elas: A Prehistoria e as súas etapas: Paleolítico, Neolítico e Idade dos Metais, ou A idade Antiga, visitando e descubriendo os aspectos máis relevantes da sociedade do Antigo Exipto ou a Antiga Roma.

A Biblioteca converteuse no noso centro de operacións. Faiuco entendeu que para a mellor comprensión de todos os contidos que estábamos a traballar, a primeira misión que debíamos cumprir era converter a nosa Biblioteca e o pasillo de acceso nunha gran liña do tempo. Así, a medida que o proxecto avanzaba, unha parte da zona da biblioteca convertíase nunha cova chea de pinturas rupestres, outra parte era o interior dunha pirámide exipcia chea de xeroglíficos e pinturas do faraón, e noutra elaborábamos una maqueta dun castro, a semellanza dun verdadeiro pobo castrexo prerromano. Isto conseguímolos grazas á axuda de numerosos membros da nosa comunidade educativa: mestres, alumnado, pais e nais...

Faiuco e a máquina do tempo é un proxecto de investigación cun marcado carácter interdisciplinar, xa que dende todas as áreas do currículo fixéronse numerosas aportacións ao mesmo. Con él, pretendimos que a totalidade da comunidade educativa desenvolvese unha

investigación de carácter científico para coñecer as civilizacións antigas, e que sentise a posibilidade de coñecer con maior detalle a vida na sociedade prehistórica, exipcia e castrexo-romana.

Así, convertimos toda a zona biblioteca nunha enorme liña do tempo, investigamos todos os elementos (organización, urbanismo, arte, economía, relixión) das sociedades enclavadas nas épocas ás que viaxaba Faiuco, elaboramos murais das épocas traballadas hipervinculados a fichas virtuais nos blogues de aula a través de Códigos QR e que foron presentados á totalidade do alumnado do colexio, construimos una maqueta dun castro, elaboramos figuras con barro, traballamos a música na Prehistoria, no Antigo Exipto e na Antiga Roma, fixemos un taller de pintura rupestre na nosa cova, fixemos o noso propio caderno de Exipto, traballamos os corpos xeométricos partindo das pirámides, elaborando unha xigante con caixas de zapatos; levamos a cabo un taller de elaboración de papiro e outro de escritura xeroglífica, no que aprendimos a escribir o noso nome como os antigos exipcios; o Entroido xirou entorno á temática exipcia coa participación das familias no desfile de Entroido do concello, visitamos as festas de recreación histórica castrexo-romana do Friulio e do Arde Lucus, nos concellos vecinos de Friol e Lugo, onde tamén visitamos unha domus, as termas, a ponte e a muralla romana e organizamos una exposición de vestimenta castrexa na biblioteca do cole.

### *1.2. Temporalización (calendario de realización)*

“Faiuco e a máquina do tempo” iniciouse no mes de outubro e rematou no mes de xuño. O proxecto atópase incluído na Programación Xeral Anual e estruturouse en diferentes fases:

Comezamos cunha presentación á comunidade educativa, no desenvolvemento do proxecto realizamos diferentes tipos de actividades de investigación a través de distintos soportes (libros, vídeos, consulta en internet, visitas de campo...). As conmemoracións de Nadal e Entroido tiveron como temática a Prehistoria e o Antigo Exipto respectivamente. Preparáronse diferentes actividades para fnalizar coa exposición da liña do tempo xigante que se foi elaborando con todos os coñecementos adquiridos e concluíndo coa avaliación do proxecto.

### *1.3. Participantes*

Todo o claustro (un total de 6 mestres/as) participou no desenvolvemento do proxecto, traballando os mestres/as titores nas actividades de aula, os mestres especialistas desde as súas áreas ou clases tamén colaboraron na realización de diferentes tarefas de preparación e desenvolvemento do proxecto (Educación artística, Educación física, Pedagogía terapéutica). Estiveron coordinados polo Equipo de Biblioteca colaborando activamente xunto co EDLG e o Equipo de Dinamización das TIC.

Todo o alumnado (15 de Educación Infantil e 38 de Educación Primaria) participou nas diversas actividades e tarefas que se realizaron durante o período de desenvolvemento do proxecto.

### *1.4. Organización*

O **Equipo de Biblioteca** propuxo o tema para proseguir co interese dos nenos/as do curso anterior. Desde este equipo coordinouse todo o traballo de decoración, investigación e as actividades desenvolvidas durante o proxecto. A iniciativa tivo a adhesión de todo o **claustro** participando desde todas as áreas e todos os equipos. O proxecto apróbase e inclúese na P.X.A.

Os **Equipos de Dinamización da Lingua Galega e Dinamización das TIC** aportan a súa colaboración nos procesos de investigación e desenvolvemento das actividades. Desde todas as áreas do currículo participase elaborando actividades que terán lugar ao longo do proxecto. As **familias** son convidadas a participar apoiando o proceso de investigación na casa, participando en iniciativas como a “mochila viaxeira”. Desde as **titorías** coordínanse e elabóranse diferentes produtos que se realizan ao longo do proxecto, e leváronse a cabo proxectos de aula paralelos coma “Unha viaxe polo tempo” en 5º e 6º de Primaria.

### 1.5. Relación co currículo

#### **Competencias Clave:**

*Competencia lingüística:* a través deste proxecto tratamos de fomentar e mellorar esta competencia, xa que o alumnado tivo que elaborar tanto composicións escritas como orais, respectando as normas formais. Do mesmo xeito tiveron que buscar e extraer información, co que abordando a importancia da comprensión do que len. Ampliaron o vocabulario referido ao tema e traballáronse tanto normas ortográficas como gramática.

*Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía:* a través do traballo con formas, tamaños, unidades de medida, aprendizaxe das formas xeométricas partindo das pirámides...

*Coñecemento e Interacción co mundo físico:* todo o proxecto implica coñecer e interactuar activamente cunha parte do entorno e do mundo físico que nos rodea: os restos do noso pasado. Tamén se traballou con códigos QR, unha das formas máis innovadoras na actualidade para o acceso á información en internet.

*Competencia dixital:* a través da búsqueda de información en internet, utilización de soportes TIC, creación dun blogue en internet, elaboración de fichas dixitais sobre as diferentes épocas traballadas hipervinculadas a códigos QR colocados en diferentes partes do centro...

*Aprender a aprender:* tratamos de que todo o proceso tivese un claro carácter de retroalimentación, utilizando diferentes estratexias e recursos que permitisen aos alumnos/as planificar a súa aprendizaxe, superar as dificultades e corrixir os posibles erros que fosen xurdindo, fomentando nos nenos/as, ao mesmo, tempo as gañas de aprender e ampliar os seus coñecementos.

*Competencias sociais e cívicas:* xa que todo o proxecto foi levado a cabo desde unha perspectiva grupal, tanto a nivel de aula, como a nivel de centro, fomentando o respecto polo traballo dos demais e a colaboración e cooperación no traballo conxunto.

*Conciencia e expresións culturais:* elaborouse unha liña xigante do tempo con diversos elementos (cova prehistórica, tumba dunha pirámide, maqueta dun castro celta...) na zona da Biblioteca utilizando diferentes técnicas plásticas. Os nenos/as participaron activamente en todo o proceso de decoración do centro e e elaboración de materiais, así como en numerosas obras musicais representadas nos festivais do colexio relacionadas co tema do proxecto. Tamén se representaron obras teatrais. As familias colaboraron cos nenos/as na elaboración dos disfraces de exipcios para o Entroido e caracterizáronse eles tamén no desfile do Concello.

### **Obxectivos:**

- Coñecer as características xerais das tres etapas da Prehistoria: Paleolítico, Neolítico e Idade dos Metais.
- Recoñecer as características xerais da sociedade exipcia.
- Valorar a importancia do nacemento da escritura (xerogíficos e papiros)
- Recoñecer as características xerais da sociedade castrexa e romana
- Relacionar a momificación e a construción dos grandes enterramentos en Exipto coa crenza nunha vida despois da la morte.
- Coñecer as manifestacións artísticas de cada época traballada a través da realización de diferentes producións gráficas, plásticas e musicais.
- Utilizar ferramentas básicas do coñecemento histórico, como mapas, textos, gráficos, debuxos e fotografías.

## 2. OBXECTO

A visita ao Castro de Viladonga (Castro de Rei) suscitou a curiosidade dos nenos e nenas do noso centro por afondar no coñecemento do pasado. Ante o interese mostrado polas antigas civilizacións, propuxemos á comunidade educativa desenvolver durante o presente curso 2018/2019 o proxecto “Faiuco e a máquina do tempo”.

O equipo de Biblioteca deseñou, programou e planificou as diferentes actividades que se desenvolveron desde o mes de outubro ata o mes de xuño. O resto do claustro, alumnado, familias e resto da comunidade educativa foi informada das diferentes fases, das actividades a desenvolver (xustificación, relación co currículo, temporalización...) a través de reunións periódicas.

## 3. DESCRICIÓN

O traballo durante o curso estruturouse en diferentes fases:

### 1. Presentación do proxecto á comunidade educativa.

En outubro presentamos o nome do proxecto e a temática a desenvolver durante este curso, que sería o estudo e investigación de diferentes épocas históricas, así como o nome do proxecto “Faiuco e a máquina do tempo”.

### 2. Ambientación da biblioteca e diferentes zonas do centro.

Posteriormente, comezouse coa construción da máquina do tempo e co proceso de decoración e ambientación da biblioteca, no que participaron activamente alumnado, Mestres/as, pais e nais e que se foi realizando a medida que avanzaba o curso e os nenos/as ían aportando diferentes traballos (pintura rupestre, escritura xeroglífica, maqueta dun castro celta...)







### 3. Desenvolvemento do proxecto

Como xa mencionamos, **Faiuco e a máquina do tempo** é un proxecto de investigación cun marcado carácter interdisciplinar, xa que dende todas as áreas do currículo fixéronse numerosas aportacións ao mesmo. Con él, pretendimos que a totalidade da comunidade educativa desenvolvese unha investigación de carácter científico para coñecer coñecer as civilizacións antigas, e que sentise a posibilidade de coñecer con maior detalle a vida na sociedade prehistórica, exipcia e castrexo-romana.


Así, convertimos toda a zona biblioteca nunha enorme liña do tempo, investigamos todos os elementos (organización, urbanismo, arte, economía, relixión) das sociedades enclavadas nas épocas ás que viaxaba Faiuco, puxemos en marcha “as mochilas viaxeiras”, cargadas de libros relacionados coas épocas que estábamos a traballar, elaboramos murais das épocas traballadas hipervinculados a fichas virtuais nos blogues de aula a través de Códigos QR e que foron presentados á totalidade do alumnado do colexio, construimos unha maqueta dun castro, traballamos a música na Prehistoria, no Antigo Exipto e na Antiga Roma, fixemos un taller de pintura rupestre na nosa cova, traballamos o barro, acudimos ao cine a ver a película “Cavernícola”, ambientada na Prehistoria, traballamos os corpos xeométricos partindo das pirámides, elaboramos o noso caderno de Exipto, construimos unha pirámide xigante con caixas de zapatos, levamos a cabo un taller de elaboración de papiro e outro de escritura xeroglífica, no que aprendimos a escribir o noso nome como os antigos exipcios, taller de elaboración de máscaras exipcias; ademáis o Entroido xirou entorno á temática exipcia coa participación das familias no desfile de Entroido do noso concello. No último trimestre, visitamos as festas de recreación histórica castrexo-romana do Friulio e do

Arde Lucus, nos concellos veciños de Friol e Lugo, onde tamén visitamos unha domus, as termas, a ponte e a muralla romana. Tamén organizamos unha exposición de vestimenta castrexa na biblioteca do cole.



### 5. Produtos finais

- Exposición oral sobre as diferentes épocas históricas traballadas na biblioteca do centro, apoiada por diversos murais elaborados polos nenos/as.
- Unha liña do tempo xigante elaborada por parte de todo o alumnado (cova prehistórica, tumba do faraón, pirámide, maqueta dun castro celta...)
- Libro de escritura xeroglífica feito de papiros, que xa forma parte da biblioteca escolar.
- Caderno de Exipto, que xa forma parte da biblioteca escolar.
- Fichas dixitais en internet sobre os diferentes planetas hipervinculadas a códigos QR para o acceso a información de maneira innovadora.
- Maqueta dun castro celta.



## 6. Avaliación do proxecto

Levouse a cabo unha avaliación do proxecto, seguindo unha serie de indicadores elaborados polo equipo de biblioteca en colaboración cos diferentes titores/as.

## **4. DOCUMENTACIÓN**

Durante o desenvolvemento de “Faiuco e a máquina do tempo” elaborouse diverso material dirixido a encamiñar as tarefas e a facilitar o labor de profesorado e alumnado.

### 4.1. Profesorado

- Para os mestres/as elaborouse unha pequena guía coas fases, temporalización e tarefas programadas ao longo do curso.
- No comezo da fase de investigación achegouse un listado de recursos na biblioteca cos que traballar na investigación e para incluír nas mochilas viaxeiras.
- Diversas notas informativas para informar ás familias.
- Patróns e exemplos de posibles disfraces a elaborar no Entroido.

### 4.2. Alumnado

- Cartas de Faiuco coas misións que os nenos/as tiñan que desenvolver
- Libro de escritura xeroglífica en papiro, volume que xa forma parte da biblioteca do centro.
- Figuras de barro elaboradas no taller realizado.
- O noso caderno de Exipto, volume que xa forma parte da biblioteca do centro.
- Maqueta dun castro celta.
- Murais de apoio visual as diferentes explicacións.
- Códigos QR para o acceso a información elaborada.

## 5. TAREFAS

O alumnado durante o proxecto levou a cabo as seguintes tarefas:

- Procura e selección de recursos e información nas diferentes fontes facilitadas polo profesorado.
- Debates sobre ideas, defensa de diferentes posicións no traballo en equipo.
- Elaboración de diferentes tipos de textos: expositivos, fichas descritivas, informativos...
- Lectura de diferentes tipos de textos, así como a extracción da información relevante destes.
- Elaboración de murais destinados a apoiar visualmente as diferentes exposicións.
- Elaboración e representación de danzas relacionadas coa Prehistoria.
- Resolución en equipo das actividades plantexadas: aportando ideas, solucións, chegando a acordos, respectando as opinións dos demais.
- Elaboración dunha maqueta dun castro celta.
- Utilización das matemáticas para calcular tamaños, diámetros, utilizar unidades de medida axeitadas e descubrimento de figuras xeométricas a través das pirámides.
- Decoración do centro a través de diferentes técnicas plásticas.
- Organización do seu traballo e presentación tanto escrita como oral ante outras persoas.
- Elaboración dun libro de escritura xeroglífica en papiro e dunha maqueta dun castro.
- Elaboración de fichas dixitais hipervinculadas a códigos QR que foron colocados en diversas zonas do centro.



## **6. RECURSOS**

Na biblioteca organizouse unha mesa na que se reuniu todo o material disponible para a consulta de información sobre a temática do proxecto por parte do alumnado.

Solicitouse ás familias material relacionado co proxecto e que tamén utilizamos para comprender mellor distintos aspectos: libros, fotografías... entre outros recursos.

Elaboráronse Cartas que Faiuco enviaba desde a época na que se atopaba en cada momento coas misións que os nenos/as tiñan que desenvolver.

Utilizáronse numerosos recursos plásticos para toda a decoración do centro: papel rocha, goma eva, pintura de cores, papel continuo...

No ordenador da biblioteca e das aulas seleccionáronse recursos e tamén se utilizaron para realizar procuras.

Púxose en marcha a “mochila viaxeira”, cargada de libros relacionados co proxecto e o “caderno viaxeiro”, onde o alumnado e as familias comentaban a súa impresión sobre os libros lidos en relación co proxecto.

Enviáronse notas de comunicación das actividades tanto ás familias como ao resto da comunidade educativa.

## **7. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA**

O alumnado foi o auténtico protagonista de todo o proxecto desenvolvendo todas as tarefas que lles encomendaba Faiuco desde o pasado.

Todo o claustro de profesores colaborou no desenvolvemento das diferentes tarefas de principio a fin.

As familias colaboraron na decoración do espazo da biblioteca e aportaron materiais relacionados co tema (libros, vídeos, obxectos, fotografías, entre outros), que formaron parte da fase de investigación. Participaron nos eventos que se realizaron, como foron os Festivais de Nadal e de Fin de Curso onde houbo representacións relacionadas co proxecto, acudindo como

espectadores/as; no Entroido, no que colaboraron na elaboración dos traxes de exipcios, no concurso de máscaras, e acudindo caracterizados coma os antigos exipcios ao desfile de Entroido do Concello. O día de Fin de curso todos os pais e nais subiron a biblioteca para comprobar os diferentes traballos que se levaron a cabo, así como a decoración elaborada.

## 8. DIFUSIÓN

No blogue da biblioteca aparecen diversas actividades que se foron realizando:

- [A CASIÑA DE FAIUCO](#)

No canal Youtube existe unha lista de reprodución que recolle os vídeos publicados sobre o proxecto:

- [CANAL DE YOUTUBE](#)

Tamén a prensa se fixo eco do traballo desenvolvido no centro a través do proxecto:



Recolleuse tamén unha ampla reportaxe na revista do colexio “Cousas de Todos” así como as diversas exposicións dos traballos realizados polo alumnado.



## 9. AVALIACIÓN

O alumnado de Educación Primaria avaliou a si mesmo a través dunha escala de valoración elaborada polo Equipo de Biblioteca. Realizouse ao finalizar o proxecto e avaliaba diferentes aspectos relacionados cos obxectivos a través dos seguintes indicadores de logro:

- Coñece as características máis importantes da Prehistoria, o Antigo Exipto e a época Castrexo-Romana.
- Coñece as diferentes manifestacións artísticas das épocas traballadas.
- Coñece a organización dun castro celta pre-romanización e post-romanización.
- Participou activamente nos diferentes talleres e na decoración da biblioteca.
- Participou activamente nas investigacións propostas, empregando distintos soportes.
- Foi quen de expor oralmente os resultados das súas investigacións.
- Achegou propostas orixinais e preguntas sobre as diferentes etapas traballadas.
- Mantivo unha boa relación de traballo cos meus compañeiros e compañeiras.

Ademais, os titores avaliaron periódicamente o grao de consecución dos obxectivos que se pretendían acadar, a través dos debates e asembleas que se levaron a cabo e a observación do traballo diario na clase.

O profesorado, nas diferentes reunións mantidas, realizou un seguimento do proxecto e levou a cabo as modificacións pertinentes. Ademais, ao final do proxecto completou a rúbrica de avaliación do funcionamento do mesmo, cos seguintes indicadores:

- ❖ Conseguíronse os obxectivos propostos.
- ❖ As actividades propostas foron motivantes para o alumnado
- ❖ As actividades propostas puxeron ao alumnado nunha verdadeira “situación de aprendizaxe”.
- ❖ O alumnado participou activamente nas actividades de investigación.
- ❖ A valoración xeral do alumnado sobre o proxecto foi positiva.

- ❖ A participación das familias no proxecto foi satisfactoria.

## **10. FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA**

A Biblioteca foi o eixe principal sobre o que xira o desenvolvemento do proxecto. Foi decorada e ambientada cunha enorme liña do tempo que axudou ao alumnado a motivarse de cara ao proxecto e axudando a ambientar cada una das épocas ás que viaxaba Faiuco: cova prehistórica, tumba do farán, pirámide, maqueta dun castro celta...

Coordinou desde o comezo o desenvolvemento do proxecto, procurou programar reunións periódicas co resto do claustro, de carácter informativo e para facer un seguimento do proceso.

Realizou o labor de busca, selección e difusión de materiais de diferente tipo para que o primeira fase de investigación puidese arrancar e fose máis doada para o alumnado e o claustro. Tamén se seleccionaron os volumes para a posta en marcha das mochilas viaxeiras.

Organizouse a biblioteca de xeito que permitise o acceso aos recursos con rapidez, a través dunha mesa específica con recursos relacionados co proxecto e unha carpeta con enderezos web nos ordenadores e tablets da mesma.

Elaborou diferentes actividades de fomento da lectura relacionados co proxecto, en colaboración co equipo de EDLG, como foron concursos, obras de teatro e certames literarios, entre outros.

Colaborou na difusión do proxecto elaborando notas informativas, as cartas de faiuco coas diferentes misións a desenvolver, mantendo reunións coa prensa e colaborando na organización das exposicións dos traballos do alumnado e na exposición de vestimentas castrexas en colaboración coa Asociación Cultural do concello veciño de Friol "A Castronela".